

O GALEGUISMO NO URUGUAI (1879-1935)

Pilar Caglio Vila
Universidade de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/iftpc.2021.014](https://doi.org/10.17075/iftpc.2021.014)

Ao estar lonxe de casa e ver a mala impresión que había dos galegos porque lamentablemente a emigración que iamos naqueles tempos eramos todo xente... analfabetos ou semianalfabetos, xente de campo, sen cultura e entón había un concepto de Galicia moi pobre e a min iso doíame, nunha palabra. E de aí, pois, me liguei cuns amigos, Eduardo Blanco Amor, que faleceu aquí hai pouco, Ramón Suárez Picallo, que foi deputado da República, Alonso Ríos, que tamén o foi... Castelao, que foi gran amigo meu, que me honrou moito coa súa amizade, don Rodolfo Prada, que faleceu hai pouco, o poeta da Coruña, Emilio Pita, e así infinidade de xente... (Entrevista da autora a Antón Crestar Faraldo, Miño, 1982)

Para comprender como xurdiu, como evolucionou e cales foron as vicisitudes que rodearon o galeguismo no Uruguai, resulta imprescindible enmarcar minimamente o propio proceso da inmigración galega neste país. Fundamental é tamén coñecer os contextos e situar neles as persoas que protagonizaron unha serie de reivindicacións identitarias que cristalizarían, na altura dos anos vinte e trinta, nun movemento cultural e político que tivo o seu particular calado na colectividade desa beira do Río da Prata.

Comezando polo primeiro, tanto a historiografía uruguiaia como a galega relativas ás migracións teñen sinalado que os fluxos galegos, organizados ou espontáneos, que se dirixiron ao que actualmente é a República Oriental do Uruguai –daquela a Banda Oriental–, dentro dun movemento cada vez máis intenso cara ao conxunto do Río da Prata que non sempre se reflectiu nas cifras legais (Apolant 1970, 1975; Betancur 1999, 2001), se retrotraen ao período tardocolonial. Producida a independencia, que no caso uruguaiño revestiu particularidades distintas ás do resto das repúblicas que foran colonias españolas, o artigo oitavo da primeira Constitución do novo país, datada en 1830, xa aludía

á presenza de estranxeiros no territorio e ás condicións nas que podían adquirir a cidadanía uruguaia. Unha precisión oportuna, non só pola propia situación do momento, senón tamén pola necesidade de favorecer o crecemento da poboación a través da inmigración. Dende ese temperán momento, este fenómeno acompañaría a evolución do país e da súa sociedade, que se podería cualificar de aluvial ata ben avanzado o século XX (Cagiao Vila 1990a; Ramírez Goicoechea 2003).

Esa característica fíxose particularmente notable na cidade de Montevideo, que foi rexistrando un crecemento acelerado grazas á arribada de inmigrantes. En 1843, a capital uruguaia contaba con 31 000 habitantes e, dese total, a cada cen uruguaio correspondían 168 estranxeiros de distintas procedencias (Oddone 1966). Vascos e galegos, segundo a afirmación dalgún autor contemporáneo, sobranceaban entre os de orixe española. Pouco máis adiante, segundo o censo de 1860, o número de estranxeiros (fundamentalmente españois e italianos) medrara en todo o país e equivalía a máis dun terzo do total da poboación, cifra que, no caso de Montevideo, acadaba case o 50 %. Na década de 1870, como consecuencia da incorporación do Uruguai ao sistema económico capitalista, tivo lugar o inicio dun proceso modernizador que, malia partir de fondas transformacións do mundo rural, influíu notablemente no medio urbano e repercutiu de forma directa na inmigración. A imperiosa necesidade de gran cantidade de man de obra para atender as demandas do crecemento urbano, e moi en especial de Montevideo, provocou unha chegada constante de inmigrantes, para os cales se abría unha infinidade de oportunidades no pequeno comercio, a industria artesanal e o sector dos servizos vinculados á expansión portuaria e edilicia en xeral.

Foi tamén na década dos setenta do século XIX cando, ademais dos numerosos inmigrantes galegos que se asentaron en Montevideo e se integraron en determinados nichos económicos –tarefas portuarias, negocios de hostalaría, *barracas*, *almacenes*, xastrarías e outros negocios a través de persistentes lazos de paisanaxe (Cagiao Vila 1989)–, chegaron á capital uruguaia unha serie de intelectuais que,

dalgún xeito, actuaron como animadores e ata axitadores dunha colectividade que, en termos cuantitativos, ía en franco ascenso¹. Estes personaxes, de formación liberal e tendencia republicana, foron os que promoveron o asociacionismo étnico de matriz netamente galaica e un tipo de prensa que posibilitou a aparición das primeiras expresións rexionalistas.

Como sinalou Zubillaga (2002), a quen necesariamente hai que seguir en calquera asunto relacionado co galeguismo no Uruguai, a aparición en 1879, en Bos Aires, do periódico *El Gallego*, dirixido polo muradán César Cisneros Luces—quen se trasladara á Arxentina logo dunha primeira estadía en Montevideo—, ademais de contar co mérito de ser a primeira publicación periódica galega de América do Sur, deu lugar ao comezo dunha corrente protorexionalista que, de xeito moi expresivo, se traducía no chamamento co que facía aparición o seu número alboral, reclamando respecto para Galicia. Dende as páxinas de *El Gallego* fomentouse o primeiro movemento asociacionista galaico das dúas beiras do Prata, que cristalizaría na creación do primeiro Centro Galego de Bos Aires en abril de 1879, e dos de Corrientes e Montevideo no agosto seguinte. Este último foi fundado polo ourensán de Maside Benigno Salgado Vázquez, quen xunto co seu irmán Tomás guiou os primeiros pasos da que aínda hoxe non só é a institución decana dos galegos no Uruguai, senón tamén a máis antiga do mundo en funcionamento. Un ano máis tarde, e tamén da man de Benigno Salgado, afervorado admirador da publicación porteña de Cisneros Luces, aparecería en Montevideo o primeiro órgano de expresión étnica galega do Uruguai, titulado *La Voz de Galicia*.

Desaparecido este medio, que apenas saíu á rúa durante un ano, en agosto de 1881 naceu *La Unión Gallega*. Tratábase dunha publicación semanal, de prédica rexionalista, republicana e liberal, que tiña a finalidade de «fomentar la unión y la fraternidad de todos los buenos gallegos que hasta [hacía] poco vagaban

¹ Non é doado saber a cantidade de inmigrantes galegos asentados nesa época en Montevideo, aínda que varios autores calculan que roldaban o 40 % do total de españois (Camou 1997; Zubillaga 2009).

dispersos por esta tierra hospitalaria», segundo se afirmaba no seu primeiro número; dende 1892 asumiu a súa dirección Cisneros Luces, unha vez que regresou ao Uruguai². Mesmo denantes, en 1884, *La Unión Gallega*, que tiña correspondentes en numerosos puntos da República, deu mostras da súa defensa do rexionalismo por mor dun convite da Sociedade Francesa de Florida a un dos seus correspondentes, quen renunciou a asistir por non ser convidado de maneira oficial o Centro Galego de Montevideo. A Sociedade Francesa lamentou o feito, alumando a posición do xornalista de *La Unión Gallega* de «separatista»; esta defendeuse afirmando que o mellor modelo de Estado non tiña por que ser o centralizado, como o francés, e argumentando os beneficios da «variedad dentro de la unidad» (Zubillaga 1996). Tímida reflexión, dende logo, pero indicadora do que, polo momento, sería a posición dominante entre os inmigrantes galegos como partidarios dun rexionalismo que defendía a descentralización do Estado español, respectando a identidade de Galicia.

Partindo destes antecedentes, nas primeiras décadas do século XX as demandas do discurso rexionalista dos galegos do Uruguai, cuxa presenza numérica roldaba o 40 % dos españois residentes na República, tomaron outros cursos e empregaron outras vías. Porque, se os xornalistas galegos do XIX que foron a ese país, como a outros de América, forxaran o seu rexionalismo arredor dos ideais federalistas da Primeira República, os desta etapa adquiriran a súa experiencia no xornalismo anticaciquil de ámbito local antes de marcharen a Montevideo. Xaora, non parece unha casualidade que os dous directores de *Tierra Gallega*, publicación xurdida en 1917 na capital uruguaia, iniciasen a súa actividade xornalística en medios locais dese teor. José María Barreiro, fundador daquela, fora fundador e director do semanario de Baiona *El Pueblo*. Miguel Barros Castro, quen o sucedeu na dirección de *Tierra Gallega* cando en setembro de 1917

² Tres anos máis tarde, Cisneros Luces volvería editar en Montevideo a publicación que fundara en Bos Aires, *El Gallego*, dende a cal arremeteu sen ambaxes contra o exceso de centralismo do Estado español.

Barreiro regresou a Galicia, fora denantes de emigrar director de *La Integridad* de Tui. Alí, segundo recollía o propio Barreiro, «puso su pluma al servicio de los desheredados; de los hambrientos de libertad y justicia, fustigando con látigo de acero al nefasto caciquismo que por aquel entonces ejercía villanamente su odioso y tiránico poder en aquella rica y exuberante comarca»³. E, precisamente, sería Barros Castro quen máis incidiría na cuestión do rexionalismo en sucesivos artigos publicados no semanario montevideano entre novembro de 1917 e abril de 1918. *Tierra Gallega* serviu de base para a creación da Casa de Galicia de Montevideo coa aspiración de nuclear os galegos dun xeito máis democrático que o vello Centro Galego. Porén, o voceiro nacera tamén co desexo de ser un «periódico que a más de ser denodado y valiente defensor de los intereses de la colectividad, [fuese] también entusiasta propagador del progreso y cultura de Galicia», como declaraba o seu primeiro número, do 11 de febreiro de 1917.

Ademais de en *Tierra Gallega*, a reivindicación de que houbera mudanzas que promovesen o progreso de Galicia, centrada a partir destes momentos en reclamacións de melloras das vías de comunicación, na supresión dos foros e, en xeral, en modificacións administrativas e fiscais, deixouse notar tamén noutras publicacións posteriores. Foi o caso de *O Fungueiro*, un xornal quincenal independente promovido por un grupo de seguidores de José María Barreiro, que durante a súa curta vida tirou con bala contra todo o que se puxo ao seu alcance. O seu estilo satírico, cargado da mellor retransa, e as súas intencións definíanse xa no seu primeiro editorial: «*O Fungueiro* salíó de un grupo de rapaces, de unos cuantos alegres e iconoclastas que, hijos de Galicia o amantes de ella y al ver que al amparo de su nombre se comercia y matutea en grande, tuvieron la humorada de sacar a luz ladrones y malandrines, para ejemplos de muchos y regocijos de todos».

³ *Tierra Gallega*, Montevideo, 3 de xuño de 1917.

Por outra banda, a cuestión do rexionalismo constituíu un dos seus temas centrais, a través non só das colaboracións de Javier Insua⁴ –xornalista galego que fora un dos fundadores da asociación cultural *A Terra*, constituída en 1917 en Bos Aires–, senón tamén de columnas sen asinar nas que se insistía na existencia en Galicia de «una profunda inquietud, un ansia de renovación. [Era] como si un titán, pletórico de enerxía, quisiera sacudirse con un formidable gesto la impedimenta secular que le [tenía] acobardado y empezar a respirar con libertad, a vivir con plenitud»⁵. Ese desexo rexenerador volvería poñerse de manifesto cando, co gallo do regreso a Montevideo de José María Barreiro e do anuncio do seu proxecto inminente de fundar outra publicación, á que denominaría *Galicia Nueva*, *O Fungueiro* afirmaba que ese nome suxería «cosas deseadas», e seguía: «Una nueva Galicia es lo que queremos los gallegos que estamos en América; una nueva Galicia es lo que desean también los gallegos mozos, los gallegos nuevos, los gallegos inquietos de allá»⁶.

Efectivamente, de *Galicia Nueva*, que constituíu a segunda empresa editorial de José María Barreiro en Montevideo e foi publicada entre setembro de 1918 e xaneiro de 1919, un dos seus redactores, o betanceiro Ángel Aller, nun artigo titulado «Renovación», subliñaba: «[T]ornará vigoroso el galleguismo de algunos para los cuales es, apenas, leve, desvanecida impresión y alzará en los más el orgullo de la propia cuna»⁷. Aínda que, como se salienta na introdución á edición facsimilar feita polo Centro Ramón Piñeiro hai algúns anos, «non semella discutible a simpatía de *Galicia Nueva* polo rexionalismo» (Alonso Girgado e Vilariño Suárez 2006), en termos ideolóxicos cómpre sinalar que, nalgunha oportunidade, o semanario fixo explícito o seu apoio á autonomía rexional⁸. Sobre este particular espraíaríase máis a fondo outra publicación, *Alma Gallega*,

⁴ *O Fungueiro*, 2, 25 de xullo de 1918, p. 1, e 3, 20 de agosto de 1918.

⁵ *O Fungueiro*, 1, 5 de xullo de 1918, p. 3.

⁶ *O Fungueiro*, 3, 20 de agosto de 1918.

⁷ *Galicia Nueva*, 1, 15 de setembro de 1918.

⁸ «¿Españoles? ¡Españoles!», *Galicia Nueva*, 11, 7 de decembro de 1918.

que actuou como voceiro da Casa de Galicia e chegou a advertir en xaneiro de 1921 verbo das necesidades autonomistas das nacionalidades históricas. Quizais por iso, non é de estrañar que fose precisamente a Casa de Galicia a que, dous anos despois, convidase a Montevideo a Eduardo Blanco Amor para que na súa sede social pronunciase unha palestra, *Nacionalismo gallego*, na que deu a coñecer os postulados de Vicente Risco e Antón Villar Ponte (Núñez Seixas 1992: 137-138). A xuízo de C. Zubillaga (2001), cuxa referencia continua é ineludible, marcou o comezo da actividade nacionalista entre os galegos do Uruguai. De feito, nese mesmo ano, o dramaturgo e linotipista Arturo Carril intentou crear un grupo de apoio á Irmandade Nazonalista Galega, proxecto que tivo escaso percorrido.

Pero cando realmente creceu o entusiasmo entre os galeguistas de Montevideo foi tras a aparición da revista *Céltiga* en Bos Aires da man de Blanco Amor, Eliseo Pulpeiro e Suárez Picallo. Aínda que esta publicación xurdira en 1924 como consecuencia da escisión producida no nacionalismo galaico-porteño, o certo é que non prestou excesiva atención á colectividade galega do Uruguai ata o seu número do 25 de xullo de 1927, cando sacou unha ducia de páxinas sobre varias sociedades galegas de Montevideo e algúns galegos destacados no comercio. De xeito aberto, a revista recoñecía que entre estes últimos destacaba «aquella parte precisamente que máis vinculada se [hallaba] a la obra patriótica y cultural de *Céltiga*», do que se deduce que xa entón eran subscriptores da revista⁹. A partir do seguinte número apareceu na revista porteña unha pequena sección, titulada «Del Uruguay», na que, ademais de daren conta dos progresos de institucións e

⁹ Nese número dedicáronse unha serie de notas á Fábrica de Aceites, Barnices y Pinturas de Ramón Barreira e Hijos, quen debeu de ser un dos primeiros *barraqueros* exportadores no Montevideo de principios do século XX e que tiña o seu negocio, na compañía dos seus fillos, na rúa Galicia, antes Orillas del Plata ou a «Galicia Chica» de Juan Vicente Arcos (Cagiao 1990); ao industrial José Couto, propietario da fábrica de gasosas Demarchi; ao fabricante de tabacos Miguel Sánchez, dono da Casa Partagás e da firma Cigarrillos Miguelito; ao fabricante de mobles Manuel Ramil; ao dono da carpintería industrial José Fraga y Hno.; ao fabricante de cafés Manuel Rodríguez e ao propietario da fábrica de mármores Antonio Capelán.

individuos da colonia galega na República, en outubro de 1927 os correspondentes de *Céltiga* en Montevideo tamén comezaron a incluír notas sociais dalgúns dos seus membros. Tal foi o caso, por exemplo, de Jesús Canabal, de cuxa voda se informou; de José Couto, que volvía a Montevideo despois dunha estada en Galicia, ou de José Antonio Morado, que nesas datas inauguraba un novo hotel¹⁰. Evidentemente, non se trataba só de publicitar novas de carácter social de personaxes afíns ao credo da revista e ao galeguismo, que o eran, senón tamén de valorizar o seu papel na colectividade nese momento, xa que os tres facían parte da elite económica galega de Montevideo. Nesa altura Canabal era un importante empresario, propietario da Fábrica de Sobres Suevia (Cagiao 2009); Morado érao tamén no ramo da hostalaría, como propietario de hoteis en Montevideo e Punta del Este, e Couto posuía unha gran fábrica de bebidas. Pero, ademais, por esas datas todos eles eran tamén membros das respectivas xuntas directivas das asociacións galegas máis sobranceiras da capital uruguaia. Neste sentido, como apunta Núñez Seixas (2014), parece plausible que o nacionalismo galego dos anos vinte optase por influír nos sectores dirixentes das grandes institucións da colectividade.

Por outra banda, a chegada en setembro de 1927 á capital uruguaia do xornalista Julio Sigüenza¹¹, que en Bos Aires estivera estreitamente vencellado a *Céltiga* e antes fora o fundador da Irmandade da Fala da Habana, influíu de maneira decidida na propagación do discurso nacionalista. De feito, a comezos do ano seguinte, Damián Fernández, quen ocupaba a axencia xeral da revista en Montevideo, xunto con Arturo Carril viaxarían á Arxentina para ambos participaren, como delegados do Uruguai, no acto realizado o 8 de xaneiro en Bos Aires co gallo do quinto aniversario da revista, ao que levaron un pergamiño dedicado polos simpatizantes galaico-orientais. Entre as numerosas firmas, bastantes delas ilexibles, figuraban as de todos os que foron citados con anterioridade

¹⁰ *Céltiga*, Bos Aires, 10 de decembro de 1927.

¹¹ *Céltiga*, Bos Aires, 10 de setembro de 1927.

xunto coas doutros moitos integrantes das elites intelectuais e económicas da colectividade¹². Pouco despois desa visita, na sección montevideana da revista porteña afirmábase: «[E]l culto a nuestra región tiene aquí fervorosos devotos y la labor de *Céltiga* se estima y se comprende [...] y constituye para nosotros motivos de esperanzas alentadoras que han de traducirse, sin duda alguna, en hechos que favorezcan la realización de proyectos que esperan forma definitiva»¹³.

A relación entre os galeguistas arxentinos e os uruguaios intensificouse notablemente cando en marzo de 1928 unha delegación porteña da revista visitou Montevideo para asistir a un dos ciclos de conferencias organizados por Constantino Sánchez Mosquera no Centro Galego, ao que foran convidados como relatores Blanco Amor –malia a polémica que un ano atrás sostivera precisamente en *Céltiga* con quen agora era o seu anfitrión (Núñez Seixas 1992; Zubillaga 2002)– e Ramón Suárez Picallo. A comitiva que chegou de Bos Aires, encabezada polo promotor da revista, Domingo Rial Seijo, foi recibida por Julio Sigüenza, Camilo Bóveda Amor (medio irmán de Blanco Amor), Miguel Sánchez e Pedro Fernández Veiga, xunto con outros integrantes da plana maior do galeguismo uruguao, no peirao montevideano, dende onde se dirixiron ao Centro Galego. Seguramente, porque o acto realizado nun salón ateigado de público estivo presidido polo ministro de España no Uruguai, Alfonso Dánvila –debido a que, durante o Directorio, o flutuante Sánchez Mosquera soubo nadar en varias augas–, as conferencias de Blanco Amor (*Guía para un conocimiento integral del renacimiento gallego*) e Suárez Picallo (*Interpretación emocional del paisaje gallego*), ambas moi brillantes, non se centraron tanto no político como no cultural. Aínda así, non faltou quen tachou de actuación de «proselitismo separatista» a intensa actividade de propaganda nacionalista despregada polos *céltigos* porteños durante a súa visita a Montevideo (Zubillaga 2002), onde os seus homólogos uruguaios os agasallaron cun banquete no Hotel Solís, en homenaxe

¹² *Céltiga*, Bos Aires, 10 de xaneiro de 1928.

¹³ *Céltiga*, Bos Aires, 25 de febreiro de 1928.

a Domingo Rial Seijo, e varias veladas de confraternización nos respectivos domicilios particulares de Miguel Sánchez, Pedro Fernández Veiga e Damián Fernández¹⁴.

A visita da comisión porteña foi definitiva para estreitar os elos entre os *céltigos* de ambas as dúas beiras do Prata, con dúas consecuencias importantes. A primeira delas cristalizou na inauguración dunha «Sección Uruguay» con entidade propia dentro da revista a partir do seu número 79, publicado o 10 de abril de 1928 –bastante máis extensa que a inicialmente creada en 1927, que logo pasara a chamarse «De la otra orilla»–, e sufragada pola propaganda dos negocios dos *céltigos* montevideanos. Primeiro director literario e logo colaborador da sección foi Julio Sigüenza. Segundo Zubillaga (2002), a maioría das achegas como correspondentes de *Céltiga* en Montevideo, aínda que case sempre sen asinar, procedían de Pedro Fernández Veiga, Camilo Bóveda Amor, José María Barrera, Miguel Sánchez e Arturo Carril. A segunda consecuencia derivada daquel encontro foi a creación en Montevideo dunha «Peña Céltiga», composta por máis de cincuenta mozos, nun acto que tivo lugar no Centro Galego no mes de abril. Perseguíña fins culturais algo difusos. De feito, malia ter inicialmente a intención de alugar un local para as súas reunións¹⁵, na práctica os seus principais membros acabaron por levar os seus encontros ao famoso café Tupí-Nambá de Francisco San Román, que sumou o título de *céltigo* a outro máis vello que xa tiña como «Rey de los Cafeteros» (Cagiao 1990b). Un deles foi o miñense Antón Crestar, un extraordinario caricaturista que iniciou a súa colaboración gráfica con *Céltiga* en xullo de 1928 e quen en varias ocasións subliñou que foi precisamente o seu contacto coa revista porteña o que de verdade o introduciu no galeguismo, «a paixón da [súa] vida», como el mesmo adoitaba dicir.

A finais de 1928 fundouse en Montevideo a Asociación Protectora de la Cultura Gallega, semellante á que por entón xa existía en Bos Aires, para contribuír

¹⁴ *Céltiga*, Bos Aires, 25 de marzo de 1928.

¹⁵ *Céltiga*, Bos Aires, 25 de abril, 10 de maio e 25 de maio de 1928.

ao sostemento da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos. Aínda que a iniciativa procedeu do moi activo Constantino Sánchez Mosquera e de Julio Siguënza, presidente e secretario do Centro Galego, respectivamente, a presidencia quedou a cargo de Jaime Luis Morenza –importantísimo crítico e colaborador da publicación literaria *La Cruz del Sur* e tamén de *Amauta*, a revista limeña que en 1926 fundara José Carlos Mariátegui–, mentres que o resto dos compoñentes da primeira directiva procedían da Peña Céltiga. A Asociación publicou durante un tempo un boletín que no seu primeiro editorial, de xullo de 1929, declaraba: «[...] la razón que determina la aparición de *Arazua* es bien concreta: se resume en la necesidad de despertar entre los gallegos residentes en Uruguay la creencia y la fe en el renacimiento cultural de su pueblo, y sobre todo la de hacerles comprender que tiene el deber de apoyar ese renacimiento, pres-tándole, sin regateos de ninguna especie, su concurso moral y material [...]»¹⁶. E é que, efectivamente, como se subliña na nota introdutoria da edición facsimilar editada polo Centro Ramón Piñeiro (2006), *Arazua* foi un «decidido espello da actividade cultural galega do momento» que, de maneira paulatina, foi adquirindo unha forte carga política netamente galeguista (Núñez Seixas 1992: 181-182).

Após a caída do Directorio primorriverista, en outubro de 1930, *Arazua* publicou o «Manifiesto nacionalista», asinado en Bos Aires por Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Antón Alonso Ríos, Francisco Regueira, Lino Pérez e Pedro Campos Couceiro, poucos días despois da formalización en Galicia do pacto de Barrantes. Máis adiante, proclamada xa a II República, a pedido da xunta directiva da Casa de Galicia, a Asociación Protectora de la Cultura Gallega e *Arazua*, promoveuse a formación en setembro de 1933 do Comité Autonomista de Montevideo, presidido por Sánchez Mosquera. Este Comité actuou en estreita relación coa Organización Nazionalista Republicana

¹⁶ *Arazua*, Montevideo, xullo, 1929, p. 1.

Galega de Bos Aires e foi precisamente na capital uruguaia onde se organizaron varios mitins de apoio ao movemento autonomista de Galicia na sede social da Casa de Galicia e na súa Quinta de Salud.

O Comité Autonomista de Montevideo tivo unha vida curta pero sumamente activa. Así, levou a cabo distintos actos de propaganda, como a actuación no Teatro Solís do coro Lembranzas de Ultreya de Bos Aires, co fin de atraer a colectividade galega á súa causa e conseguir recursos económicos para a campaña estatutaria. De feito, foi o seu voceiro, *Raza Celta*, aparecido en abril de 1934, o que en pleno bienio negro en España e no medio da ditadura *terrorista* no Uruguai publicou por primeira vez o Estatuto de autonomía de Galicia, que sería votado xusto dous anos despois. Esta nova publicación, cuxa duración foi de apenas un ano, estivo dirixida polo hiperactivo Constantino Sánchez Mosquera, mentres que o seu administrador foi o ribadense José María Barrera, quen xa colaborara con *Céltiga* e na altura facía parte da Agrupación Cultural Galleguista Juventud y Progreso, que xa tiña antecedentes dende 1921 (Zubillaga 2009). Ademais, un dos seus principais redactores foi o lugués Manuel Meilán, que non había moito tempo se instalara en Montevideo despois dunha longa experiencia galeguista forxada en Bos Aires. Con todo, como el mesmo recoñecía, as súas querenzas nesta dirección realmente afundían as súas raíces na realización mesma, por parte das Irmandades, da I Asemblea Nacionalista de Lugo (novembro de 1918), á que asistiu cando só tiña catorce anos e que lle causou unha profunda impresión (Samuelle 1993).

O Comité e *Raza Celta* acabaron desaparecendo polas manifestas diferenzas entre o seu director –o controvertido Sánchez Mosquera, cos seus recorrentes vaivéns ideolóxicos– e o Partido Galeguista, cuxo discurso, ao que se sumou a creación dunha filial en Montevideo liderada por Manuel Meilán, foi retomado pola nacente Irmandade Galeguista do Uruguai. Xurdida formalmente en maio de 1934, tivo o seu antecedente na aparición do semanario *Nós* que Antón Cres-tar promovera un ano atrás. Do testemuño do miñense dedúcese que, aínda que nunca negou o seu alento ao Comité Autonomista, a súa desconfianza polo

oscilante galeguismo de Sánchez Mosquera lle fixo manter unha certa distancia. Pero Crestar foi sen discusión o líder da Irmandade e o seu xornal, *O Irmandino*, instalados ambos na leitaría da súa propiedade, converteuse dende entón no órgano de expresión dos nacionalistas galegos do Uruguai. O seu apoio sen reservas ao Partido Galeguista ao longo de 1935 e os primeiros meses de 1936 decidiu definitivamente as posicións das dúas tendencias que se debuxaran entre os sectores máis politizados da colectividade, logo dunha acalorada polémica con Sánchez Mosquera, quen de xeito decidido se entregaba a un galeguismo de dereitas, fronte aos *irmandinos* que defendían alianzas cos partidos de esquerda. Desa fractura daba conta a propia Irmandade nun manifesto dirixido ao conxunto da colectividade e publicado na prensa uruguiaia, co gallo da inminente aprobación do Estatuto de autonomía:

Próximo el día en que el pueblo gallego cumplirá con la patriótica misión de conquistar para Galicia los derechos autonómicos que habrán de elevarla a la situación de privilegio que la historia le señala, la «Irmandade Galleguista del Uruguay», entidad netamente gallega nacida de la preocupación de un grupo de «bós e xenerosos» por todo lo que tiene de importancia vital en el desenvolvimiento espiritual y económico de nuestra tierra, hace público su íntimo regocijo en estos momentos en que una nueva alborada de prosperidad empieza a despuntar en el futuro de Galicia [...], ese resurgir de un pueblo puesto en pie para lograr por los medios establecidos en la Constitución nacional un privilegiado lugar para Galicia equiparándola a las demás regiones hermanas, ha repercutido en las colectividades de Madrid, Barcelona, Nueva York, Chile y Buenos Aires, las que se han adherido espiritual y materialmente a este movimiento de galleguidad. Únicamente en Montevideo la despreocupación y el desconocimiento que de los problemas gallegos tienen los dirigentes de nuestras grandes instituciones han impedido que la voz de los patriotas gallegos de esta ciudad, resuene en Galicia con la misma unanimidad que la de las colectividades mencionadas. Es esta entidad a nombres de la cual nos dirigimos a nuestros compatriotas, la única que envió su adhesión calurosa y patriótica [...]. Expresada nuestra afirmación de fe en el futuro esplendor de la tierra inolvidable,

hacemos este llamado patriótico a la colectividad gallega que no puede ni debe vivir ajena al resurgimiento y progreso de Galicia [...]. Depongamos nuestras diferencias colectivas en aras del bien de la tierra nativa y agrupados alrededor de nuestra enseña patria, al unísono, con voz clara y potente, el pecho henchido de sanos sentimientos patrióticos, la frente erguida y los ojos fijos en el resurgimiento de Galicia, gritemos: «A nosa Terra é nosa»¹⁷.

A situación aberta a partir de xullo de 1936 co comezo da Guerra Civil española e a subseguinte paralización do proceso autonómico de Galicia provocou que a maior parte dos integrantes da Irmandade se comprometesen na defensa da República. Con todo, a Irmandade non se desfixo e Crestar seguiu a ser o seu representante institucional. A modestia habitual de quen tivemos a sorte de que nos relatase a súa vida non lle minguaba un chisco o orgullo de poder presumir de que a súa resistencia a liquidar a Irmandade Galeguista do Uruguai permitiu abrir novas posibilidades para o nacionalismo galego en América (Zubillaga 2005). Entre outras, a de que en 1944, precisamente en Montevideo, tivese lugar o acto oficial da constitución do Consello de Galiza baixo a presidencia de Castelao. Nada máis e nada menos.

¹⁷ *El Plata*, Montevideo, 26 de xuño de 1936.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO GIRGADO, Luís / María VILARIÑO SUÁREZ (eds.) (2006): *Arazua (Montevideo, (1929-1930); Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- ALONSO GIRGADO, Luís / María VILARIÑO SUÁREZ (eds.) (2006): *Galicia Nueva: (Semanao Regional) [Montevideo, 1918-1919]*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- APOLANT, Juan Alejandro (1970): *Operativo Patagonia: historia de la mayor aportación demográfica masiva a la Banda Oriental con la nómina completa, filiaciones y destino de las familias pobladoras*, Montevideo, Imprenta Letras Uruguayas.
- APOLANT, Juan Alejandro (1975): *Génesis de la familia uruguaya*, Montevideo, Apolant.
- BETANCUR, Arturo Ariel (1999): «12 semblanzas de gallegos en el Montevideo colonial», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, 103-113.
- BETANCUR, Arturo Ariel (2001): «Patrimonios locales y metropolitanos de inmigrantes gallegos en el Montevideo colonial. Riqueza, pobreza y solidaridada con la tierra de orígen», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, 145-162.
- CAGIAO VILA, Pilar (1989): «Problemas planteados en el estudio de la inmigración gallega en Montevideo (1900-1970)», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 13, 563-583.
- CAGIAO VILA, Pilar (1990a): *Participación económico-social de la inmigración gallega en Montevideo, 1900-1970*, tese de doutoramento, Madrid, Universidad Complutense.
- CAGIAO VILA, Pilar (1990b): «Aporte cultural de los inmigrantes gallegos en Montevideo, 1879-1930», *Arbor*, 536-537, 75-98.
- CAGIAO VILA, Pilar (2009): «Jesús Canabal Fuentes (1897-1985). O grande empresario do sector papeleiro uruguai», en Xoán Carmona Badía (coord.), *Empresarios de Galicia*, vol. 2, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 485-501.
- CAMOU, María Magdalena (1997): «Volumen y características demográficas de la inmigración española», en Carlos Zubillaga (ed.), *Españoles en el Uruguay: características demográficas, sociales y económicas de la inmigración masiva*, Montevideo, FHUCE, 53-92.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Edición do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2014): *Las patrias ausentes: estudios sobre historia y memoria de las migraciones ibéricas (1830-1960)*, Oviedo, Genuve.
- ODDONE, Juan Antonio (1966): *La emigración europea al Río de la Plata*, Montevideo, Banda Oriental.
- RAMÍREZ GOICOECHEA, Eugenia (2003): «La inmigración española al Uruguay, 1940-1960», *Estudios Interdisciplinarios de América Latina*, 13:2, 139-161.
- SAMUELLE, Cristina (1993): *Conversas con Manuel Meilán*, Vigo, Xerais.
- ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (1996): *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (2001): «Andaduras montevidéanas de un orensano impar: gestiones diplomáticas y enseñanza universitaria de Eduardo Blanco Amor en Uruguay (1938-1947)», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, 175-202.

ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (2002): «Relaciones transplatinas: los gallegos inmigrados en Buenos Aires y en Montevideo (1879-1965)», en Xosé M. Núñez Seixas (ed.), *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*, Buenos Aires, Biblos, 203-218.

ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (2005): «Combate contra la desmemoria: el tránsito migratorio de Antón Crestar», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, 115-138.

ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (2009): «De la brega galleguista en Uruguay: el ribadense José María Barrera», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, 9-30.